



MEMORIA DE XESTIÓN ANUAL ANPA VALLE INCLÁN CURSO 2024 - 2025

ÍNDICE

- 1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA**
- 2. ASEMBLEAS DE FAMILIAS SOCIAS**
- 3. SERVIZO DE MAÑANCEIROS**
- 4. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
- 5. SERVIZO DE CAMBIADORES**
- 6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
- 7. FESTAS**
- 8. CAMPAMENTOS**
- 9. CURSO DE FORMACIÓN PARA DIRECTIVAS DAS ANPAs**
- 10. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O ALUMNADO**
- 11. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O PROFESORADO**
- 12. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA AS FAMILIAS**
- 13. MELLORAS NO CENTRO ESCOLAR**
- 14. SUBVENCIONS**
- 15. CONSELLO ESCOLAR**

1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Valle Inclán está formada por tódalas familias de alumnado escolarizado no CEIP Ramón María del Valle Inclán que desexan asociarse.

As inscricións no presente curso 2024-2025 son as seguintes:

- Familias socias: 198

- Alumnado:

- Total: 257 crianzas, 54.9 % do alumnado total do centro (468)
- Educación infantil: 85 crianzas, 64.3 % do alumnado de EI (132)
- Educación primaria: 172 crianzas, 21.1 % do alumnado de EP (336)

O prezo da cota para asociarse á ANPA é de 35 €/curso por familia, independentemente do número de fillos e/ou fillas matriculadas no centro.

Para o acceso ós servizos da ANPA Valle Inclán (mañanceiros, cambiadores e actividades extraescolares) é obrigatorio ser familia socia. Para ser usuario do comedor escolar requírese do abono dunha cota de xestión por curso escolar de 50 € por familia, pago do que quedan exentas as familias socias da ANPA (35 €/curso escolar).

O 27 de marzo de 2025 tivo lugar unha asemblea ordinaria na que varios membros da xunta directiva da ANPA presentaron as súas renuncias, deixando os cargos de presidencia, vicepresidencia, tesourería, secretaría e unha vogalía a disposición da asemblea de familias socias para a formación dun novo equipo. Coa convocatoria desa asemblea abriuse un proceso de presentación de candidatos e varias persoas se presentaron voluntarias para formar parte da xunta directiva da ANPA. Na reunión da xunta directiva do día 4/4/2025 distribuíronse os cargos da nova xunta directiva que quedou conformada da seguinte forma:

Presidencia: Raquel Saavedra Cabo

Vicepresidencia: Tatiana Luaces Maciñeira

Secretaría: Marcos Riestra Vega

Tesourería: Laura Paola Vizcaíno Suárez

Vogalías: Elcira Adays Hernández Turizo

Adriana Mariño Uribe

Miren Aránzazu Fernández Carro

Yolanda Díaz Goas con

Paula Aguete Rodríguez

2. ASEMBLEAS DE FAMILIAS SOCIAS DA ANPA

Durante o 1º trimestre realizouse a asemblea ordinaria o día 19/12/2024.

Durante o 2º trimestre realizouse unha asemblea ordinaria de familias socias o día 27/3/2025, como se acaba de detallar no apartado anterior, para a conformación da nova Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán.

No 3º trimestre convocouse unha asemblea extraordinaria para o día 05/06/2025 co fin de presentar os servizos do vindeiro curso e informar doutros asuntos de interese.

3. SERVIZO DE MAÑANCEIROS

A empresa contratada pola ANPA para encargarse de levar a cabo o servizo de Mañanceiros é a empresa especializada Jardanay, que proporciona a coordinación e o monitorado. Ofrécense dúas modalidades no servizo: con almorzo e sen almorzo, para facilitar a conciliación ás familias.

HORARIO	07:30 a 09:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	80 crianzas (17% do alumnado do CEIP e 31% dos socios da ANPA) Infantil: 21 crianzas, 13 modalidade con almorzo Primaria: 38 crianzas, 8 modalidade con almorzo
MONITORADO	1 coordinadora e 2 monitoras

O custo para as familias en función da modalidade escollida é o seguinte:

SERVIZO MAÑANCEIROS	PREZO SEN ALMORZO	PREZO CON ALMORZO
5 DÍAS/SEMANA	21,73 €/MES	38,02 €/MES
4 DÍAS/SEMANA	17,38 €/MES	31,50 €/MES
3 DÍAS/SEMANA	13,04 €/MES	23,90 €/MES
2 DÍAS/SEMANA	8,69 €/MES	15,21 €/MES
1 DÍA/SEMANA	4,35 €/MES	8,15 €/MES
ESPORÁDICO	2,72 €/MES	3,25 €/MES
10% desconto no segundo irmán/irmá 12% desconto tres ou máis irmáns/irmá Esporádico non conta con desconto		

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario destinado a dito servizo que está colgado na páxina web de Jardanay:

https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

As instrucións para facela inscrición están colgadas no apartado “Servizos” da web da ANPA Valle Inclán: <https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/mananceirs/>

Para facer uso do servizo de Mañanceiros é obrigatorio ser familia socia da ANPA.

4. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

A ANPA xestiona o comedor escolar a través de Jardanay, unha empresa especializada que presta un servizo de comida transportada e proporciona o equipo de monitorado.

O servizo de Comedor Escolar realízase nunha única quenda e todo o alumnado come á mesma hora. O horario do servizo de comedor é entre as 14:00 e as 16:00 h. O alumnado é recollido polo monitorado nas aulas ás 14:00 h. onde se pasa lista dos usuarios e usuarias. A saída do alumnado realízase entre as 15:15 e as 16:00 h.

HORARIO	14:00 a 16:00 horas
ALUMNADO INSCRITO	220 crianzas (47% do alumnado do CEIP e 85% dos socios da ANPA) Educación Infantil: 71 crianzas Educación Primaria: 147 crianzas
TRABALLADORES	1 coordinadora, 14 monitores e 2 auxiliares de cociña

O custo para as familias en función dos días solicitados de servizo é o seguinte:

SERVIZO DE COMEDOR	PREZO
5 DÍAS / SEMANA	92,14 € / MES
4 DÍAS / SEMANA	77,12 € / MES
3 DÍAS / SEMANA	65,70 € / MES
2 DÍAS / SEMANA	43,80 € / MES
1 DÍA / SEMANA	21,90 € / MES
ESPORÁDICO	7,22 € / DÍA
10% desconto no segundo irmán 12% desconto tres ou máis irmáns Esporádico non conta con desconto	

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:
https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

Para facer uso do servizo de Comedor escolar as familias deben aboar á ANPA unha cota de xestión de 50 €. As familias socias da ANPA están exentas do pago desta cota.

· **Convivencia**

O equipo directivo do CEIP solicitou este curso a colaboración da ANPA para a actualización dos protocolos do NOF no que respecta ó comedor escolar, polo que se está traballando conxuntamente pola mellora das condicións do servizo e da cativada.

· **Cota de xestión de comedor**

Trala carta do Xefe Territorial enviada o curso pasado ás direccións dos centros quedaba establecido que as ANPAs non poden pedir a obrigatoriedade de ser familia socia ós usuarios do servizo de comedor escolar, dado que é un servizo complementario do centro (igual que o transporte). Tal e como se define na devandita misiva, as ANPAs dispoñen de autonomía para establecer os criterios de funcionamento e potestade de organización dende a transparencia.

Na asemblea extraordinaria de socios do día 17 de xuño de 2024 incluíase na orde do día o punto 5 “Información sobre os cambios na inscrición nos servizos da ANPA”. A opción proposta na asemblea para sufragar os distintos gastos que supón o servizo (seguros, xestoría, subvencións, materiais...) é cobrar unha cota de xestión de 50€ ás familias non socias que queiran ser usuarias do comedor. Esta opción foi revisada dende a Federación de ANPAs e moitas ANPAs da contorna adoptaron medidas similares para poder seguir xestionando o comedor dende as asociacións cumprindo co principio de igualdade e solidariedade que o Xefe Territorial quere garantir ás familias.

A Xunta Directiva da ANPA presentou ante o Consello Escolar o cobro da cota de xestión de 50€, da que estarán exentas as familias asociadas á ANPA Valle Inclán. Na consello escolar do 04/12/2024 a dirección do centro comunicou que existía a queixa particular dunha familias e que o asunto está no gabinete xurídico da Xunta.

O 26/12/2024 a Xunta Directiva da ANPA remitiu un escrito á Xefatura Territorial da Consellería para coñecer o motivo desa queixa particular que afectaba ó noso colexio, en base a que normativa está formulada, ante que organismo e en que data foi presentada. No escrito solicítase ademais que se aclaren as funcións e competencias da ANPA, posto que a asociación actúa como xestora de varios servizos, con numerosas obrigas fiscais,

contables, en materia de protección de datos, seguros, contratos, etc. facendo fronte a todas esas responsabilidades sen máis financiamento que as cotas dos socios e certas subvencións. Precisamos coñecer a norma autonómica que se está aplicando no noso colexio dado que se está producindo unha situación de desigualdade con respecto a outras ANPAs da contorna, nas que xa se aprobaou a mesma medida e se está aplicando sen problema en base ós regulamentos internos ratificados na normativa dos centros.

Os servizos xurídicos da consellería non deron resposta algunha á nosa solicitude durante todo este curso.

No segundo trimestre, con data 27/02/2025 a Xunta Directiva da ANPA presentou unha queixa ante a Valedora do Pobo ó respecto deste asunto. A resposta da Valedora, con data 18/3/2025 foi que “calquera información ou circunstancia relativa ao funcionamento do servizo, como o pago de cotas polas familias non asociadas, debe ser atendida ou resolta coa consellería”.

O feito de non aplicar esta medida foi un prexuízo para as familias que asociadas á ANPA, dado que hai moitas familias non asociadas que gozaron de todas as vantaxes da ANPA sen aportar ningún fondo á mesma, o que pon de manifesto unha desigualdade e discriminación con respecto ás familias que si o fan. Este curso un total de 30 nenos e nenas desfrutaron do servizo de comedor escolar sen ser socios da ANPA nen pagar a cota de xestión. Deste alumnado, 8 nenos e nenas son ademais beneficiarios da beca de comedor do Concello de Oleiros sen pagar cota de socios nin cota de xestión, grazas ós tramites que se realizan mensualmente dende a ANPA.

5. SERVIZO DE CAMBIADORES

Coma o curso pasado, ofrécese este servizo ás familias con crianzas matriculadas en educación infantil. A familia que desexa contratar o servizo ten a súa disposición a persoal de Jardanay que se despraza ó centro escolar para cambiar á crianza se fose preciso.

O horario de atención inclúe o horario lectivo, o de madrugadores e o de comedor.

O prezo mensual é de 16,50 € e por cada intervención 2 €.

HORARIO	07:30 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	8 crianzas

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:

https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

Para facer uso do servizo de Cambiadores é obrigatorio ser familia socia da ANPA.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como outros anos, a ANPA Valle Inclán quere dar opción ó alumnado do centro escolar de inscribirse en actividades extraescolares durante o curso 2024-2025. Ademais de contribuír e facilitar a conciliación familiar, é unha boa forma de que a cativada poida desfrutar do seu tempo de lecer con actividades divertidas e enriquecedoras.

As actividades extraescolares que se ofrecen actualmente no CEIP Valle Inclán son desenvolvidas pola ANPA Valle Inclán a través de convenios firmados con distintas entidades culturais e deportivas da contorna, con moita experiencia e punteiras no traballo que desenrolan, o que proporciona moita calidade ás actividades das que pode desfrutar toda a cativada do noso colexio.

O media mensual de alumnado inscrito neste curso foi de 172 (37% do alumnado do CEIP e 67 % dos socios da ANPA).

Trala oferta inicial lanzada a principio de curso formáronse grupos nas seguintes actividades:



ESCOLA GALEGA DE TEATRO MUSICAL

Actividade: **TEATRO MUSICAL**



LAURA GUALDA "NOS ARTE"

Actividade: **ARTE E PINTURA**



JUMPING KIDS

Actividade: **PEQUECHEF**

Actividade: **PONTE AL DÍA**

Actividade: **LUDETECA**



ROBÓTICA EDUCATIVA "ROBOTIX"

Actividade: **ROBÓTICA**

**ESCOLA DE MÚSICA "MODUM"**Actividade: **MÚSICA E MOVEMENTO****ESCOLA DE AJEDREZ MARCO MORALES**Actividade: **XADREZ****CLUB HÓCKEY "OLEIROS"**Actividade: **HOCKEY INICIACIÓN**Actividade: **HOCKEY II****CLUB BALONMANO "ATLÁNTICO"**Actividade: **BALONMÁN****ESCOLA DE DANZA "SADANZA"**Actividade: **MULTIDEPORTE**Actividade: **ACRODANCE****CALENDARIO, HORARIO E INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo os formularios correspondentes de cada entidade, que están colgados na aplicación web Miampa da ANPA Valle Inclán no apartado "Actividades extraescolares":

<https://anpavalleinclan.miampa.com/extracurricular>

- O cuadrante de actividades extraescolares adáptase á demanda das familias usuarias. A súa realización está suxeita a acadar o número mínimo de alumnado inscrito.

O cuadrante durante o presente curso 2024 – 2025 foi o seguinte:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2024 – 2025 ANPA VALLE INCLÁN

HORARIO	CICLO	LUNS			MARTES		
16:00 - 17:00	INFANTIL	MULTIDEPORTE	HOCKEY I (INFANTIL + 1º, 2º PRIMARIA)		ARTE E PINTURA	MÚSICA E MOVIMENTO	
	PRIMARIA	XADREZ	PONTE AL DÍA	HOCKEY II (1º, 2º EP)		BALONMAN	ACRODANCE
17:00 - 18:00	INFANTIL	HOCKEY II			ARTE E PINTURA		
	PRIMARIA						
HORARIO	CICLO	MÉRCORES			XOVES		
16:00 - 17:00	INFANTIL	MULTIDEPORTE	HOCKEY I (INFANTIL + 1º, 2º PRIMARIA)		ARTE E PINTURA	MÚSICA E MOVIMENTO	
	PRIMARIA	XADREZ	PONTE AL DÍA	HOCKEY II (1º, 2º EP)		BALONMAN	ACRODANCE
17:00 - 18:00	INFANTIL	HOCKEY II			ARTE E PINTURA		
	PRIMARIA						
HORARIO	CICLO	VENRES					
16:00 - 17:30	INFANTIL	PEQUECHEF (1 HORA E MEDIA)					
	PRIMARIA	TEATRO MUSICAL (1 HORA E MEDIA)	ROBÓTICA (1 HORA E MEDIA)				



ENTIDADE	ACTIVIDADE	PREZO / MES
CLUB HOCKEY	HOCKEY I - HOCKEY II	20,00 €
CLUB BALONMANO	BALONMAN	20,00 €
SADANZA	MULTIDEPORTE - ACRODANCE	20,00 €
MODUM	MÚSICA E MOVIMENTO	20,00 €
JUMPINKIDS	PONTE AL DÍA	24,00 €
NÓS ARTE	ARTE E PINTURA	24,00 €
MIRKO	XADREZ	25,00 €
ROBÓTICA	ROBÓTICA (1 ½ HORA)	32,00 €
JUMPINKIDS	PEQUECHEF (1 ½ HORA)	32,00 €
ESCOLA GALEGA TEATRO MUSICAL	TEATRO MUSICAL (1 ½ HORA)	25,00 €

Para facer uso do servizo de Actividades Extraescolares é obrigatorio ser familia socia da ANPA.

• TORNEO DE XADREZ

Por iniciativa do mestre da actividade extraescolar de xadrez, Marco Morales, ó longo do curso varios equipos do seu alumnado participaron en torneos que tiveron lugar na Coruña enfrontándose a outros equipos de colexios da contorna.



Agasallouse a todo o alumnado da actividade cunha camiseta cos logos do CEIP, da ANPA e do Club de Ajedrez Coruña para poder lucir a mesma equipación nos torneos representando ó colexio. Foron actividades moi divertidas e de moito proveito para a cativada e as súas familias.

7. FESTAS

Como cada ano, a ANPA encargouse de solicitar os permisos e autorizacións precisos para a organización de varias festas. Prográmanse obradoiros, animación, xogos e actuacións para todo o alumnado do centro, ademais das Merendiñas de 6º EP.

• FESTA DE NADAL

Como novidade, durante esta festa ofreceuse a oportunidade de xogar ó xadrez da man do mestre que imparte a extraescolar cada semana no cole, Marco Morales.



• FESTA DE ENTROIDO

Este ano a festa contou con desfile de disfraces, obradoiros, animación e xogos para todo o alumnado do centro.



• FESTA DE FIN DE CURSO

Este ano a festa contou con exhibicións das actividades extraescolares, photocall, actuacións do alumnado de 6º de EI, “Verdiñ@s e Laranxiñ@s”, unha banda de música, xincana familiar e xogos de auga.

Este curso as exhibicións organizáronse en xornadas anteriores á festa, para poder dar a oportunidade ás familias e ás crianzas de desfrutar intensamente de cada unha das actividades.

Houbo exhibicións de Robótica, Hockey, Acrodance, Exposición de Arte e a estrea dunha obra de teatro musical, “Annie”.



· EXHIBICIÓNS DE FIN DE CURSO

ACOMPÁÑANOS!!!! ESTADES TODOS CONVIDADOS

EXHIBICIÓNS FIN DE CURSO

VENRES 13 DE XUÑO

ROBÓTICA
17:00 H
AULA ROBÓTICA

*En horario de extracurricular,
as familias acceden a última
media hora para poder ver os
diferentes proxectos.

**TEATRO
MUSICAL**
17:30 H
SALA USOS
MÚLTIPLES

**Grán
estrea**

Annie

O MUSICAL ESCOLAR Annie

ESTREA 13 DE XULLO ÁS 17:30
NO CEIP RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN

ACOMPÁÑANOS!!!! ESTADES TODOS CONVIDADOS

EXHIBICIÓNS FIN DE CURSO

MÉRCORES 18 DE XUÑO

HOCKEY
16:15 H. PAVILLÓN

VENRES 20 DE XUÑO

ACRODANCE
16:15 H. FESTA FIN DE CURSO

EXPOSICIÓN DE ARTE
16:00 H. FESTA FIN DE CURSO

Elenco

Annie: Julia
Alcalde: Ayrton
Secretaria: Ahimara
Señorita Hannigan:
Alba
Celia: Satha
Antia: Candela
Leo (neña da rúa):
Daniela
Nico: Roi
Alicia: Elisa
Mariana: Iria
Antón: Julio
Xoana: Paloma
Rita: Sabela
Lucia: Olivia
Ari: Mica
Mara: Oreta

Annie

CEIP Valle-Inclán
Grupo Teatro Musical

8. CAMPAMENTOS

• CAMPAMENTO DE SEMANA SANTA



CEIP VALLE INCLÁN

CAMPAMENTO SEMANA SANTA
DEL 14 AL 21 DE ABRIL

Para niños y niñas de 3 a 12 años

MADRUGADORES DESDE LAS 07:45H

COMEDOR HASTA 16H

SEDES POR TODA LA CIUDAD

desde 49€ / 4 días

DESCUENTOS

- 2€ socios AMPAS
- 1€ compartir RRS
- 1€ inscripción 15/3

Pide información en: campamentos.serocio@gmail.com

colaparc **SerOcio**

• CAMPAMENTO DE VERÁN



INSCRÍBETE A NUESTRO CAMPAMENTO DE Verano

SEDES POR TODA CORUÑA Y ÁREA METROPOLITANA

Horarios
Campamento 9h-14h
Madrugadores desde 7:45h
Comedor hasta 16h

INSCRIPCIONES ABIERTAS EN SEROCIO.COM

¡TODO EL VERANO, HASTA SEPTIEMBRE!!

DESDE 69€ LA SEMANA

Para más información:
whatsapp al 619015773
campamentos.serocio@gmail.com
Seguro 6€ / Se reserva derecho de admisión

Descuentos:

- 10% Socios AMPAS y empresas
- 5% Hermano/Amigo
- 5% inscripción antes del 20/3

SerOcio

• CAMPAMENTO DE CIENCIAS

O Campamento de Ciencia celébrase por iniciativa da docente Fina Roel Mosquera, como continuidade ó Clube de Ciencias que leva todo curso en funcionamento. A ANPA colabora A ANPA Valle Inclán colabora aportando materiais, facilitando a xestión dos permisos e inscricións e a cobertura dos seguros.

9. CURSOS DE FORMACIÓN PARA DIRECTIVAS DAS ANPAS

Na sede da Federación Provincial de ANPAs da Coruña, FEDAPAS, tiveron lugar varias Formación para Xuntas Directivas das ANPAs.

Representantes da Xunta Directiva da ANPA Valle Inclán asistiron ós seguintes: “Parte administrativa e normas xerais das ANPAs” e “Obrigas Contables e Fiscais”.

Unha vez máis a Federación nos brindou esta oportunidade para seguir mellorando no noso traballo na asociación, algo que redunda en melloras para a nosa cativada.



10. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O ALUMNADO

Ó igual que se fixo no curso pasado, a Xunta Directiva está aberta a organizar en colaboración co CEIP Valle Inclán obradoiros que sexan de interese para todo o alumnado, a petición do claustro ou propostos pola asociación de familias.

Das varias propostas presentadas este curso pola ANPA ante o CEIP, realizáronse as seguintes actividades:

- **“Explorando nuestra sexualidad”**, a cargo da xinecóloga e sexóloga Carol Strate. Este obradoiro de educación sexual integral realizouse con todos os grupos de 5º e 6º de educación primaria, en horario lectivo acompañados dos seus titores, que quedaron moi contentos coa acollida da mesma por parte do alumnado.



• CHARLAS SOBRE NUTRICIÓN

A dietista e nutricionista Laura Regueira, de Arela Saúde, impartiu unhas interesantes charlas para os tres grupos dos cursos de 5º e 6º de educación primaria.

Nos obradoiros trataron temas como os perigos do azucre e a importancia dunha alimentación saudable.



Laura Regueiro
DIETISTA - NUTRICIONISTA

nutrición
arelasaúde
formación

· MURAL PARTICIPATIVO CON ERB MON



Outro curso máis, a ANPA Valle Inclán quixo agasallar a toda a comunidade educativa e acercar o arte a toda a cativada do noso colexio.

O curso pasado a compañía teatral N+1 actuou en fin de curso para todo o alumnado, achegando a arte circense ó cole Valle Inclán coa súa obra “Circanelo”.

Este curso contamos con Erb Mon, artista plástico internacional especializado en murais de gran formato. O proxecto, organizado pola ANPA e concibido por Erb Mon, consiste na creación dun mural colaborativo na que vai participar todo o alumnado do centro baixo a súa dirección.

A zona escollida para levar a cabo esta pintura é o muro exterior do peche perimetral do colexio, un total de 325 m2 que acollerán as cores e as formas da súa obra, inspirada na natureza e que busca estimular a imaxinación de todos os que a contemplan.

A actividade persegue varios propósitos: hai un interese educativo, ó incluír ás crianzas na mellora e coidado da súa propia contorna, compartindo a experiencia creativa, ademais de prestar un servizo ó conxunto da veciñanza ó transformar un espazo de convivencia e facendo que a arte sexa útil, accesible e construtiva.

Todo o alumnado participará na execución da obra (467 nenos e nenas de infantil e primaria), acompañado dos seus titores e titoras en horario lectivo. Desfrutaron do proceso e do resultado final.

Podedes coñecer algo máis deste artista e da súa obra mural premendo nas seguintes ligazóns:

<https://erbmon.art/about/>

<https://erbmon.art/>

A Xunta Directiva da ANPA quere agradecer a colaboración do CEIP Valle Inclán para levar a cabo esta actividade e por suposto ó Concello de Oleiros polo seu inestimable apoio e toda a axuda prestada neste proxecto, coma sempre, para promover un ensino público de calidade. Trátase dun obxectivo común que require do traballo conxunto de todos os axentes implicados: administración, docentes, familias, alumnado... A ANPA quere contribuír a este fin aportando iniciativas que poidan enriquecer a etapa escolar da nosa cativada e das súas familias e que redunden en beneficios para toda a colectividade.



11. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O PROFESORADO

·ACOMPAÑAMIENTO EMOCIONAL PARA LAS BUENAS VIDAS.

A ANPA promoveu a celebración da formación para docentes “Acompañamiento emocional para las buenas vidas” a cargo de Sara Vierna, educadora social experta en igualdade e educación emocional cunha ampla traxectoria.

Dirixida a todo o profesorado, a actividade foi un achegamento á potenciación da conciencia emocional e á comunicación non violenta a través dunha formación práctica e vivencial, que busca un impacto transformador nos asistentes e que pode repercutir directamente no alumnado.

Coñecedora de que este tipo de formacións precisan de continuidade no tempo para manter a súa efectividade, á Xunta Directiva da ANPA gustaríalle seguir promovendo este tipo de actividades en cursos sucesivos contando co compromiso do claustro de mestres.



12. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA AS FAMILIAS



• ESCOLA DE FAMILIAS

A Escola de Familias organizada pola ANPA no noso colexio deu comezo no 2º trimestre e continuou ó longo do 3º. Programáronse cinco charlas:

- Xoves 10/04/2025: “A crianza consciente como aliada dun acompañamento escolar saudable” (dirixido a Ed. Primaria)
- Xoves 24/4/2025: “Neuroeducación para pais e nais”
- Xoves 8/5/2025: “Fomentando a autonomía nas tarefas escolares”
- Xoves 15/5/2025: “Xestión do tempo en educación primaria”
- Xoves 22/5/2025: “Acompañamento emocional na primeira infancia”

A actividade estivo dirixida a toda a comunidade educativa (pais, nais e docentes) e foi facilitada por Clara Rodríguez, orientadora educativa con moita experiencia en educación formal e formación de futuros docentes.

Ofreceuse un servizo de canguraxe para todas aquelas familias que o precisasen.

A intención da Xunta Directiva da ANPA é poder dar continuidade a esta iniciativa.



13. MELLORAS NO CENTRO ESCOLAR

• Renovación do mobiliario de comedor

Na asemblea extraordinaria do 17/06/2024 aprobouse por maioría destinar integramente a axuda de Comedor da Xunta de Galicia do curso 2022-2023 (cun importe de 24.405,58€) á adquisición de novo mobiliario para o comedor escolar.

Dado que o importe non acada para a totalidade da inversión, na asemblea ordinaria do 19/12/2024 aprobouse por maioría destinar integramente a axuda de Comedor da Xunta de Galicia do curso 2023-2024 para o mesmo fin.



Imaxes do comedor antes do cambio de mobiliario por parte da ANPA

Durante as vacacións de Nadal realizouse o cambio completo das mesas e bancos, tarefa na que colaborou persoal do Concello de Oleiros e da empresa Jardanay.

O custe de 24.890,20 € do comedor de infantil xa foi aboado. Está pendente recibir a nova subvención e realizar o pago do comedor de primaria.

Tamén estase estudando a forma de facer outras melloras nas instalacións, para optimizar espazos e buscar solucións para dar maior autonomía á cativada durante o momento da comida, como parte da súa aprendizaxe.



Imaxes do comedor na actualidade

Outros espazos que o CEIP pon a disposición da ANPA, coma o local social e a sala de arte, tamén foron mellorados para enriquecer e facer máis agradable a experiencia da cativada durante o tempo que están facendo uso dos servizos da ANPA.



Sala de arte



Lecturas para a cativada de Mañanceiros e Comedor



Local social da ANPA: zona para o monitorado, reunións da xunta directiva e oficina para a atención ás familias e coordinación da ANPA.



• SOLICITUDE DE MELLORAS PARA O CEIP VALLE INCLÁN

A ANPA revisa periodicamente as instalacións do noso colexio para asegurarse que están en óptimas condicións e solicitar as melloras e arranxos precisos.

EDIFICIOS

- Fachada e entrada principal:

- **Limpeza dos paramentos da fachada** do edificio principal, que presenta verdín.
- **Cambio das bandeiras institucionais**, dado que están totalmente rotas.

- **Reforma da parte alta do comedor do colexio**, aínda cos paramentos e o chan de obra trala reforma do comedor. O CEIP precisa transformalo nun aula para multiusos.

- Comedor escolar:

- **Pintado das paredes.**
- **Arranxo da rampla da saída de emerxencia para evitar as inundacións no interior da instalación, dado que ten unha inclinación que fai que cando chove entre auga por debaixo das portas.**
- **Reparación da porta acristalada de emerxencias.**
- **Portas interiores do comedor:** arranxo da subxección da porta que da ó corredor e dos protectores de plástico para garantir a seguridade das crianzas.
- Procura de solucións para **suprimir os ecos, absorber o ruído e reducir a resonancia do espazo** co fin de mellorar o benestar das crianzas e do persoal que traballa nel.

- Almacén baixo escaleira:

- Arranxo da tapa e pintado do baúl de madeira para almacenaxe de material situado na entrada do almacén

- Espazo ó final do corredor do piso inferior do edificio de infantil:

- Colocación dunha cortina nas portas de cristal que delimitan a estancia, o que permitiría facer unha división “visual” da zona e poder empregala en actividades

- Saídas exteriores das aulas:

- Colocación de rampas nas saídas exteriores das aulas de infantil e primaria, para adaptarse ó Plan de Autoprotección do CEIP

RECINTO ESCOLAR

- Peche perimetral do colexio:

- **Substitución das vigas de cemento no peche da rúa Anduriñas**, que expón os listóns metálicos enferruxados e provoca a **caída de cascotes**.
- **Limpeza dos muros en todo o perímetro** do colexio para retirar musgos e verdín.
- **Arranxo do enreixado en mal estado** que permite a saída das crianzas do recinto.

- Pistas exteriores

- **Limpeza das superficies onde están os xogos, cheas de verdín**

- Arranxo do cristal roto no teito do patio cuberto do edificio de primaria.

- Solución á ausencia de medidas de seguridade na beirarrúa en obras no interior do recinto escolar dende hai meses. As barreiras caen constantemente, apenas unha cinta plástica separa as zonas de paso e de xogo do alumnado da zona de obra, as arquetas provisionais presentan numerosos buracos, están tapadas con táboas inestables, etc.

CONTORNA DO COLEXIO

- Melloras en seguridade viaria:

- **Pintado de paso de peóns á altura da embocadura sen saída da rúa Anduriñas**, fronte a entrada ó pavillón municipal para garantir a seguridade do alumnado e as familias nas entradas e saídas escolares. Esta rúa conta cun único paso de peóns que está na esquina oposta da avenida Valle Inclán.
- **Busca de medidas para evitar situacións de risco debido ós badéns da avenida.**
- **Instalación de sinais visibles de “zona escolar” na contorna do colexio.**

- Melloras na recollida do lixo:

- **Colocación dun punto de recollida do lixo pechado**, co fin de mellorar a salubridade na zona de entrada principal das crianzas.
- **Recollida diaria dos residuos.**

14. SUBVENCIONES

A ANPA asinou novamente este curso 2024 2025 un convenio coa Concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros. Durante este trimestre un total de 35 alumnos e alumnas desfrutaron da bolsas do Concello (un 16% dos usuarios de comedor). Deste alumnado, 8 nenos e nenas son beneficiarios da beca de comedor do Concello de Oleiros sen pagar cota de socios nin cota de xestión, grazas ós tramites que se realizan mensualmente dende a ANPA.

Tras facer a solicitude no mes de xullo de 2024, no mes de outubro o Concello de Oleiros a través da Concellería de Ensino concedeu á ANPA Valle Inclán a Subvención para a realización de actividades no ano 2024. O importe da subvención concedida foi de 15.534,83 € para sufragar os seguintes gastos: Festas escolares, Agasallos de graduación para 6º EP, Teatro musical, Robótica, Música e movemento, Hockei iniciación, Hockei II, Baile galego e pandeireta, Balonmán, Xadrez, Baloncesto, Patinaxe, Xogos e psicomotricidade, Acrodance, Arte e pintura, Subscrición á revista Pantera, Obradoiros formativos para o alumnado, Formación para familias e docentes e Campamento de ciencia.

Este curso a ANPA fixo todos os trámites precisos para solicitar en tempo e forma a axuda de comedor da Xunta de Galicia.

15. CONSELLO ESCOLAR

• ENQUIA SOBRE USO DAS PANTALLAS EN HORARIO LECTIVO E O SISTEMA EDIXGAL

Son varias as familias que trasladaron as súas inquedanzas a sobre o uso das pantallas en horario lectivo, tanto en infantil coma en primaria. Tamén se formularon moitas dúbidas sobre Edixgal e o seu beneficio para os nosos fillos e fillas, tendo en conta as últimas recomendacións da AEP (Axencia Española de Pediatría) e as evidencias científicas con respecto do uso das pantallas na infancia e adolescencia.

Estas inquedanzas foron trasladadas ó Consello escolar en numerosas ocasións e preguntouse sobre a súa avaliación así coma a próxima renovación do sistema Edixgal no noso colexio (curso 2025 2026).

Para poder contar con datos obxectivos, a Xunta Directiva da ANPA expresou ante o Consello Escolar a necesidade de realizar unha enquisa entre todas as familias para poder coñecer de primeira man as súas opinións.

A Xunta Directiva diseña un formulario de enquisa que estará activo dende o 2/06/2025 ata o 31/07/2025.

· INICIATIVA ESPAZO SEN FUME NO NOSO COLEXIO

Este curso a ANPA suxeriu no Consello Escolar que se buscasse no colexio unha forma de concienciar tanto ó alumnado como ás familias e ó persoal do centro educativo de que a escola debe ser un espazo libre de fume, facendo fincapé nos perigos do tabaco tanto para a saúde como para o medio ambiente.

Adoptouse a decisión de colocar carteis no exterior do centro, sinalizando de forma creativa o cumprimento da normativa e a recomendación de non fumar nos espazos circundantes do colexio.

Para elo organizouse un concurso de debuxo entre o alumnado, que foi o encargado de deseñar e elixir os carteis que se situarán nas portas do noso colexio.

Agardamos que esta iniciativa conxunta sirva para fomentar hábitos saudables entre toda a comunidade educativa.



Prohibido fumar

Lei 28/2005, do 26 de decembro
(B.O.E. do 27 de decembro)





· PROPOSTA DE MURAL PARTICIPATIVO (DOCUMENTO ANEXO I)

A ANPA ten o obxectivo fundamental de que o ensino público sexa de calidade. A asociación aporta iniciativas que poden enriquecer a etapa escolar da nosa cativada e das súas familias, redundando en beneficios para toda a colectividade.

Con esta vontade a ANPA Valle Inclán propuxo este curso a realización do mural participativo no noso colexio.

Son varios os propósitos que persegue esta actividade: hai un interese educativo, ó incluír á cativada na mellora e coidado da súa propia contorna, compartindo a experiencia creativa, ademais de prestar un servizo ó conxunto da veciñanza ó rexenerar os espazos de convivencia e facendo que a arte sexa útil, accesible e construtiva.

Para levar adiante esta no colexio solicitouse unha reunión co Alcalde do Concello de Oleiros, o Concelleiro de Obras Públicas e a Concelleira de Ensino e Cultura e os concelleiros de Ensino e Obras Públicas.

· TERREO ANEXO (DOCUMENTO ANEXO II)

En cursos anteriores, dende o CEIP Valle Inclán, contando co traballo de docentes e alumnado, fíxose unha petición ó Concello de Oleiros para contar coa parcela anexa que limita cos terreos do centro, o pavillón municipal e a Rúa Anduriñas.

Durante este curso e contando co respaldo das docentes impulsoras desta iniciativa, a ANPA solicitou novamente ante o Concello de Oleiros que se retome esta interesante iniciativa.

En Perillo, a 29 de maio de 2024

XUNTA DIRECTIVA VALLE INCLÁN

**ANEXO I****Asunto: realización de mural participativo co alumnado do CEIP Valle Inclán****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Este curso 2024 2025 a ANPA Valle Inclán solicitou orzamento a un artista especializado en murais de gran formato, Erb Mon, para realizar un proxecto de mural participativo no que colabore todo o alumnado do centro baixo a súa dirección.

A zona escollida para levar a cabo a pintura é o muro exterior do peche perimetral do CEIP Valle Inclán (na avenida Valle Inclán e a Rúa Anduriñas ata o edificio anexo do pavillón).

Dado que o muro é moi apaisado, o artista propón un deseño horizontal, coma unha paisaxe vista dende o horizonte (achegamos un cartafol do artista cunha mostra dos seus traballos).

Tal e como explica o artista, neste tipo de iniciativas mestúranse tres procesos: desenrólase unha actividade social e educativa, rexenéranse espazos e dótase ás cidades de arte. É unha forma de conseguir que “a arte sexa útil, accesible e construtiva” e por iso cree na “importancia de compartir a experiencia creativa, transformando un espazo e involucrando á mocidade na mellora da súa propia contorna”.

Para poder comezar a traballar neste proxecto o primeiro que se precisa, ademais da autorización, é que o muro estea arranxado e convenientemente limpo.

Na zona da Rúa Anduriñas actualmente o muro presenta mal estado nas vigas de cemento e ferro á vista, o que ademais provoca a caída de cascotes. Ademais todo o perímetro do muro ten musgos e liques adheridos.

POR TODO O EXPOSTO, SOLICITAMOS:

- 1.- **Autorización** do Concello e do CEIP para poder levar a cabo a actividade no muro exterior, dende a Avenida Valle Inclán ata o final do anexo do pavillón.
- 2.- **Arranxo das vigas de cemento do peche perimetral** na zona lateral da Rúa das Anduriñas
- 3- **Limpeza dos paramentos e celosías** cunha hidrolimpiadora para a correcta adherencia da pintura.

Achegamos anexo fotográfico.

En Perillo a 7 de marzo de 2025

Xunta Directiva ANPA Valle Inclán

ANEXO FOTOGRÁFICO



Imaxe 1.
Muro na Avenida Valle Inclán



Imaxe 2.
Muro na Rúa Anduriñas



Imaxes 3 e 4.

Muro da construción anexa ó pavillón (o mural chegaría ata a esquina)



Imaxes 5 e 6.

Danos nas vigas do peche perimetral do colexio na Rúa Anduriñas



Imaxes 7, 8, 9 e 10.
Exemplos de murais
participativos, proxectos
desenrolados por Erb Mon.



Imaxes 11, 12, 13 e 14.
Exemplos de pinturas de Erb Mon, similares á proposta para o noso colexio.

**ANEXO II****Asunto: uso do terreo anexo ó CEIP Valle Inclán na rúa Anduriñas****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En cursos anteriores, dende o CEIP Valle Inclán, fíxose unha petición ó Concello de Oleiros para contar coa parcela anexa que limita cos terreos do centro, o pavillón municipal e a Rúa Anduriñas (con referencia catastral 1684611NH5918S0001JG con 1.145 m² de superficie) para uso do colexio.

Presentáronse no Consello Escolar varias propostas feitas polo profesorado e o alumnado con varias ideas de aproveitamento do terreo (ver anexo gráfico), como:

- aula exterior: construción dun cenador acristalado con grandes fiestras
- invernadoiro que complemente ó existente para ser utilizado por todo o alumnado do centro
- creación dunha horta para produtos de tempada
- colocación de mesas e bancadas ó aire libre
- plantación de árbores de especies autóctonas e froiteiras


POR TODO O EXPOSTO, SOLICITAMOS:

- 1.- A **unión do terreo anexo cambiando o peche perimetral** para que se poida acceder con seguridade dende o centro escolar.
- 2.- Iniciar os **traballos precisos para contar co equipamento arriba descrito**: aula exterior, invernadoiro, horta de tempada, mesas e bancadas.
- 3.- **Plantación de árbores.**

En Perillo a 7 de marzo de 2025

Xunta Directiva ANPA Valle Inclán

ANEXO GRÁFICO



Presentación

Somos un grupo de 6º B do colexio Valle Inclán. Gustaríanos ter a parcela anexa ao noso colexio. Por iso, presentamos esta idea.

PLANO FINCA



Escala 1: 400

Ideas:

- Zona de merenda
- Invernadoiro

Zona merenda:

Unha zona con mesas para merendar e un ambiente natural con árbores e diferentes tipos de plantas. As mesas medirán aproximadamente 2 m de longo e 1 m de ancho. Tamén estaría ben facer actividades para que os nenos e nenas planten as árbores e plantas. Esta zona se podería usar para facer clases no exterior.



Invernadoiro:

Este invernadoiro é para o segundo e terceiro ciclo xa que o outro invernadoiro é para infantil e primeiro ciclo. Terá dúas partes: exterior e interior.

Presuposto para o invernadoiro 2200 euros aprox.



Conclusión

Aínda que o ano que ven xa non estaremos neste colexio queremos que o Valle Inclán dispoña de esa parcela. Como o noso Concello sempre cubre as nosas necesidades, esperamos que aceptedes a nosa petición.



Proxecto finca anexa ao colexio Valle Inclán




Justificación.

Hola, somos los alumnos/as de 6ºB del CEIP Valle Inclán. Os escribimos esto porque nos gustaría tener la parcela al lado del colegio. Hay muchas propuestas para que elijais la más adecuada.

La queremos porque en ese territorio no hay más que herba y no se da ningún uso.

Presupuestos finca

- Parque madera: como queráis, pero de madera. Las medidas 8×4 m.
 - Invernadero: Leroy Merlin: 3850€. Las medidas 10×4 m.
 - Base de caucho: para el parque de madera. Las medidas: 12×8 m.
 - Cubierta para el taller de madera. Las medidas: $12 \times 5,9$ m.
 - Mesas madera: las mesas se pueden hacer en el Centro de Información Isaac Díaz Pardo.
 - Compost: como queráis. Las medidas: $1,5 \times 1,5$ m.
- En el taller de madera dos mesas de 3×2 m.
En las mesas de madera. Las medidas: 4 mesas de 2×1 m.
Los árboles la mayoría autóctonos. No pongáis eucaliptos.




PRESENTACION

Esta es una parcela que está al lado de nuestro colegio (CEIP Ramón María del Valle-Inclán)

Queremos esta parcela para tener más territorio en nuestro centro, somos 2 alumnas de 6º que queremos enseñaros una idea que creemos que os va a encantar.

PLANO



EL INVERNADERO SERÍA PARA 2
Y 3 CICLOS

EL PARQUE TAMBIEN PARA 2 Y 3

